

## Comisión de Enxeñaría Informática

# REUNIÓN DO 27 DE MARZO DE 2019

A Comisión de Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 12:00 horas na sala x3.1 da ETSE, coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Antonio Mosquera Gonzalez, Presidente
- D. David López Vilariño, Secretario
- Dna. María Del Carmen Palacios Oubiña
- D. José C. Cabaleiro Domínguez

Ausencias xustificadas:

- D. Eduardo Sanchez Vila
- D. Francisco J. Pena Brage
- D. José Ramón Ríos Viqueira
- D. Manuel Lama Penín

Ausencias:

- Dna. Gracia Frutos Martínez

### ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta das reunión do día 21 de xaneiro de 2019.
2. Informes.
3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.
4. Proposta de periodo de exames para o curso 2019/20.
5. Informe sobre proposta de convenio Erasmus
6. Rolda aberta de intervencións

### ACORDOS

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 21 de xaneiro de 2019.  
Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O presidente informa de que o trámite para a implantación da actualización do plano de estudos atópase todavía á espera dun informe da CGIACA, polo que a

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

día de hoxe descoñécese se entrará en vigor e, de ser o caso, se o fará para o curso 2019/20.

O presidente tamén informa de que recentemente publicouse no DOG novas instrucións para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia (resolución da SXU do 20 de marzo de 2019) e que inclúen como requerimento adicional que a titulación supere de xeito sistemático o 50% na taxa de graduación. Non está claro que o GrEI cumpra este novo requerimento. Con todo, non se retirará a proposta realizada de aumentar o número de prazas do GrEI para o curso 2019/20 realizada pola comisión na anterior reunión (100 prazas).

O coordinador informa de que se ten recibido dúas solicitudes de estudantes da Diplomatura Superior de Criminoloxía para cursar a materia "Multimedia" como libre configuración. Unha solicitude equivalente (mesmo perfil de estudante e mesma materia a cursar) foi tratada pola comisión polo procedemento de urxencia no curso 2017/18 e a decisión adoptada ratificada na reunión da comisión do 27 de febrero de 2018 polo que optouse por manter a mesma decisión sen consultar de novo á comisión.

### 3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.

Ratifícase por asentimento os acordos que se adxuntan a esta acta.

### 4. Proposta de período de exames para o curso 2019/20.

Co fin de elaborar o calendario de exames para o curso 2019-20, tendo en conta o calendario académico que vai ser aprobado proximamente polo Consello de Goberno, solicítase á comisión que trasladen a súa proposta de períodos de exames. Tras analizar o calendario de docencia e apertura de actas, propónse o seguinte:

Convocatoria de 1ºcuadrimestre: 8 xaneiro a 24 xaneiro

Convocatoria de 2ºcuadrimestre: 18 maio a 12 de xuño

Convocatoria de xullo: 22 xuño - 14 de xullo

Esta proposta está condicionada á resposta da Facultade de Matemáticas en relación ao dobre grao.

### 5. Informe sobre proposta de convenio Erasmus

O responsable de mobilidade do centro pide á comisión a súa opinión en relación a unha nova solicitude de convenio Erasmus coa universidade de Campania "Luigi Vanvitelli", Italia. A comisión informa que non se trata dun convenio de especial interese polo que non debe priorizarse.

### 6. Rolda aberta de intervencións

Non hai intervencións

As 12:55 remata a reunión da que, como Secretario, estendo esta acta.